


NOME	Curso	Data	
Ortografía: <u>desconto 0,25 ptos por cada erro ortográfico ou por cada 5 tiles</u> . Lembra que podes escribir correctamente as palabras mal escritas noutras probas co fin de recuperar a puntuación descontada.			CUALIFICACIÓN

Contesta (0,2 ptos, -0,1 se a resposta é incorrecta)

Sinala cales dos seguintes medios foron empregados para a difusión do Humanismo?

- As universidades que promoveron os estudos dos clásicos.
- As escolas de primaria, creadas polos reis para o fomento da cultura.
- Os púlpitos das Igrexas, onde os sacerdotes explicaban aos seus fieis o alcance do Humanismo desde a perspectiva das Sagradas Escrituras.
- A imprenta
- As academias, centros culturais.
- Os mosteiros, centros de coñecemento e transcripción de libros.

Cales destes principios básicos defendían a Reforma Protestante?

Escolle polo menos unha resposta.

- A verdade revelada está nas Sagradas Escrituras (A Biblia)
- A virxindade de María, a nai de Xesucristo.
- O culto aos santos.
- A autoridade suprema do Papa.
- A fe sen obras, abonda para alcanzar a salvación.

En que país comeza o proceso de Reforma relixiosa?

- España
- Portugal
- Inglaterra
- Alemaña

Que monxe foi o responsable da creación da primeira relixión protestante?

Que nome recibe o perdón especial das penas polos pecados cometidos, vinculado ao cumprimento dunha acción piadosa: o rezo dalgunha oración, a visita a un santuario, o pago de esmolos, etc?

Cal das seguintes NON é unha característica do Humanismo?

- Uso na escritura das linguas vernáculas.
- Inspiración na Antigüidade clásica.
- Procura da verdade a través da razón e a experiencia
- Establece a Biblia como fonte de Fe

Que nome recibiron os calvinistas en Inglaterra e Escocia?

O rexurdimento urbano a fins da Idade Media relaciónase directamente coa aparición da burguesía. Cal das seguintes características NON se corresponde con este grupo social?

- Asóciase coa actividade comercial e artesanal.
- Crearon un sistema de organización corporativa no que destacan agrupacións como os gremios.
- Situouse no sector privilexiado da estrutura social estamental da época, xunto á nobreza.
- Non eran servos senón que se converteron en persoas libres.

Cal das seguintes afirmacións, NON é unha razón da Reforma Relixiosa do século XVI?

- A escasa formación do clero
- A expansión do Islam
- A compra e venda de indulxencias
- A corrupción e actitude mundana do clero.

Cal das seguintes formulacións, son parte do proceso reformador relixioso da Idade Moderna?

- É necesario pagar máis indulxencias
- Non é necesario que se eduquen os sacerdotes
- É necesario que cada persoa poida interpretar a Biblia
- A venda de cargos eclesiásticos é favorable para a Igrexa

Comentario de texto.

“I. Se alguén dixera, que os Sacramentos da nova lei non foron todos instituídos por Xesucristo o noso Señor; ou que son máis ou menos que sete, a saber: Bautismo, Confirmación, Eucaristía, Penitencia, Extremaunción, Orde e Matrimonio; ou tamén que algún deste sete non é Sacramento con toda verdade e propiedade; sexa excomulgado.

II. Se alguén dixera, que estes mesmos Sacramentos da nova lei non se diferencian dos sacramentos da lei antiga, senón en canto son distintas cerimoniais, e ritos externos diferentes; sexa excomulgado. (...)

*IV. Se alguén dixera, que os Sacramentos da nova lei non son necesarios, senón superfluos para salvarse; e que os homes poden alcanzar a Deus só pola súa fe (...); sexa excomulgado.
(...)*

Sendo inclinada a adolescencia a seguir os deleites mundanaís, se non se lla dirixe rectamente, (...) e a non ser que desde os seus máis tenros anos e antes que os hábitos viciosos cheguen a dominar todo o home, déaselles crianza conforme á piedade e relixión; establece o santo Concilio que todas as catedrais, metropolitanas, e igrexas maiores que estas teñan obrigación de manter, e educar relixiosamente, e instruír na disciplina eclesiástica, segundo as facultades e extensión da diocese, certo número de mozos da mesma cidade e diocese, ou a non habelos nestas, da mesma provincia, nun colexio situado preto das mesmas igrexas, ou noutro lugar oportuno a elección do Bispo. (...)

Aprenderán gramática, canto, cómputo eclesiástico, e outras facultades útiles e honestas; tomarán de memoria a sacra Escritura, os libros eclesiásticos, homilías dos Santos, e as fórmulas de administrar os Sacramentos, en especial o que conduce a ouvir as confesións, e as dos demais ritos e cerimoniais. (...)”

Con que feito histórico relacionas este texto? Xustifica a resposta, di cando foi escrito e que consecuencias tivo. (2)